



Convocatoria de subvencións dirixidas a comparsas de Entroido, para participaren no XX Festival do Entroido 2020 no concello de Valdoviño.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxa documentación completa pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **Primeiro.-Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarios das devanditas subvencións as persoas físicas interesadas nas seguintes categorías:

A) COMPARSA : considerarase comparsa o grupo de persoas integrado por un número igual ou superior a dez compoñentes debidamente disfrazados e gardando unha unidade temática na súa vestimenta e actuación.. Poden optar a axuda económica por inscrición e á axuda por concursaren.

No caso de comparsas nas que participen menores, estes non poderán superar en número o 50% da formación.

B) OUTROS : entran nesta categoria os disfrazados a título individual, as parellas de disfraces e grupos de ata cinco persoas. A título de disfrace individual non se admitirán menores, porén, éstos si poderán formar parte de parellas ou grupos sempre e cando o fagan acompañados de polo menos un adulto que se responsabilice dos mesmos. A parella ou grupo deberá de manter unha uniformidade de criterio na súa indumentaria.

C)

### **Segundo.- Finalidade**

Promover e promocionar actividades culturais fomentando a participación en comparsas do Entroido e outros similares para procurar a conservación das características do Entroido Tradicional.



### **Terceiro.- Bases Reguladoras**

As aprobadas por Xunta de Goberno Local de data 27 de xaneiro de 2020.

### **Cuarto.-Importe**

Destinarase a cantidade máxima de 3.450,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000 en calidade de axudas que se distribuirán da seguinte maneira: 300'00€ para cada unha das comparsas participantes; 300'00 € no referido á axuda por concursar para a ou as comparsa/s gañador/as a investir en empresa local e 150'00 € a repartir en tres vales de 50'00 € cada un para investiren na compra de produtos en empresa local para os tres mellores disfraces que participen na categoría “Outros”. Se se dan determinadas circunstancias previstas nas bases da convocatoria no punto 7, o importe (ou parte do mesmo) destinado a vales, poderá destinarse a “axudas por concursar”, sen ser acumulativo co xa establecido para este apartado. Se procede aplicaranse as retencións que indica a lei.

### **Quinto.-Prazo de presentación de solicitudes**

Para participar será imprescindible cumprimentar a solicitude de inscrición e os documentos anexos e entregalos na Casa da Cultura do Concello de Valdoviño nas seguintes datas e horarios: pola mañá de luns a venres das 11,00 ás 14,00 horas dos días 17, 18, 19, 20, 21 e 24 de febreiro .

En Valdoviño, 27 de xaneiro de 2020

O Alcalde

Asinado: Alberto González Fernández